



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 14 DE XUÑO DE 2023

### **PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

### **MEMBROS:**

MANUEL PÉREZ RIOLA  
CARMELA PRIETO CAL  
MAGDALENA PÉREZ VILLAR  
JESÚS ROMERO CARRACELAS  
ERMITAS GARCÍA RÍOS  
MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ  
LUÍS RUBIDO RAMONDE  
MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS  
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ  
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

### **AUSENTES:**

Escusan a súa asistencia os Concelleiros/as:  
ESTEBAN BLANCO GARROTE  
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

### **INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:05 horas do día 14 de xuño de 2023, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN REALIZADA O 25.05.2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 36 e 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da última sesión realizada o 25.05.2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 25.05.2023, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que foi un pracer compartir estes catro anos con todos os concelleiros e concelleiras, agradecendo a todos o seu labor, e manifesta tamén o seu agradecemento a todas as súas familias pola súa paciencia, desexando o mellor a todos os concelleiros e concelleiras.

A continuación o Sr. Alcalde dedica unhas palabras de agradecemento a cada un dos Sres./Sras. concelleiros/as saíntes presentes na sesión: Sra. María Xosé Rodríguez Pérez, Sr. Luis Rubido Ramonde, Sra. Ermitas García Ríos, Sr. Manuel Pérez Riola, Sra. Magdalena Pérez Villar e Sr. Manuel Martínez López, facendo entrega dunhas placas conmemorativas a todos os concelleiros e concelleiras cesantes.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:19 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ